

O PORRIÑO*Anuncio de licitación*

Por Decreto de Alcaldía de data 23 de novembro de 2010, aprobaronse os Pregos que rexen a licitación seguinte:

1. Entidade adxudicadora: Concello do Porriño. (exped. 23/10)
2. Obxecto do contrato: Servizo da Escola Municipal de Música e creación da Banda Municipal de Música do Porriño.
3. Tramitación e procedemento de adxudicación:Urxente / Aberto con multiplicidade de criterios de valoración
4. Orzamento base de licitación: 165.000,00€ (exento IVE), cunha duración de dous cursos, segundo as especificidades do Prego administrativo.
5. Garantías: Garantía provisional: Non se exige. Garantía definitiva: 5% do importe de adxudicación.
6. Prazo de presentación das proposicións: 8 días naturais dende a publicación do último anuncio de licitación no Boletín Oficial de Pontevedra, DOG, ou no perfil do contratante do Concello do Porriño (www.contratosdegalicia.es).
7. Apertura das ofertas: Ao terceiro día hábil seguinte ao de remate do prazo de presentacións das proposicións (de coincidir en sábado será o luns seguinte)
8. Gastos de anuncios: Por conta do licitador que resulte adxudicatario.
9. Páxina onde figuran os datos da convocatoria: www.contratosdegalicia.es

O Porriño, 23 de novembro de 2010.—O Alcalde, José Nelsón Santos Argibay.

2010012871

* * *

O ROSAL

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello en sesión ordinaria do día 29 de novembro de 2010, o Orzamento Municipal para o exercicio 2011 expónse ao público durante o prazo de quince días, a fin de que os interesados poidan examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno, conforme o artigo 169 do R.D. Lexislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O Rosal, a 30 de novembro de 2010.—O Alcalde, Jesús María Fernández Portela.

2010012862

* * *

RODEIRO**E D I C T O***Corrección de erros*

Advertido erro no Edicto deste Concello publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 201, correspondente ao día 19 de outubro de 2010, referido á aprobación definitiva da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas do Concello de Rodeiro, corríxese o mesmo no seguinte sentido :

Engádesse o apartado e) ao Artigo 6 da Ordenanza coa seguinte redacción:

“**ARTIGO 6.—EXENCIÓNS**

Atópase exentos do pagamento das taxas:

(...) e) As actividades organizadas polo Concello, a través de calquera das súas concellerías, ben directamente ou a través de convenios de colaboración con outras Institucións ou Entidades, públicas ou privadas.”

Rodeiro, 25 de novembro de 2010.—O Alcalde, José Benito Vence Deza.

2010012787